

## *INVITACIÓN Á PSICOLOXÍA (2º BAC.)*

Esta asignatura ten como obxectivo básico acercar ó alumnado a esta ciencia en continuo cambio, que intenta explicar e comprender os fenómenos psicolóxicos e promover o equilibrio e benestar persoal. Trata sobre algunhas cuestións tales como :

- A psicoloxía como ciencia.
- Fundamentos biolóxicos da conduta
- A aprendizaxe, memoria, pensamento e intelixencia.
- A personalidade.
- Estados de conciencia e drogas.
- A sexualidade humana.
- Trastornos emocionais e da conduta. As terapias psicolóxicas.
- Pensamento, conduta e influencia social.
- Psicoloxía do traballo e das organizacións.

En definitiva, o obxectivo da asignatura non é solo conseguir adquirir uns coñecementos teóricos, xa que se trata de un saber absolutamente útil, e sería máis importante saber empregar o coñecemento traballado para prepararnos para a vida, ensinándonos que non existen autoridades infalibles e cada persoa ten que construírse asumindo as súas decisións persoais. En definitiva, trátase de que consigades entre outros, os seguintes obxectivos:

- Comprender o funcionamento dos procesos psicolóxicos.
- Empregar o coñecemento teórico para aplicalo ó noso benestar persoal.
- Aproximarnos ás relacións mente- cerebro.
- Diferenciar entre o impacto da psicoterapia e dos fármacos.
- Desenvolver unha capacidade maior para a comprensión de un mesmo.